



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2015

REUNIONS

Levóronse durante o ano unha serie de reunións cos responsables políticos das distintas administracións, para explicarlle os nosos obxectivos e reivindicacións:

Reunións Concello:

- **Xan-2015.-** Solicitase audiencia co Alcalde o día 21 de xaneiro, para tratar:

- Modificación de crédito para pagar os convenios.
- Subvencións de Participación e de Cultura
- Plan de Obras.
- Limpeza viaria nos núcleos do rural.

Nunca se chegou a celebrar, incluso despois do compromiso do Alcalde nos actos do 11-M nas Curuxeiras de levar a modificación de crédito a pleno antes das eleccións así como de celebrar a reunión para tratar os demais temas.

- **Xullo-2015.-** Celebrouse na sede social da Agrupación o día 2 de xullo as 19:00 horas a que asistiron:

Concello: Alcalde, Concelleiros de Participación, Infraestruturas.

Agrupación: Lorinda Fernandez (Rabo de Galo), Manuel Solveira (Santa Mariña), Florencio Rodríguez (Loureiro), Francisco García (Castro de Beiro), na que se trataron os seguintes puntos:

- Modificación de crédito.-
- Subvencións de Participación e Cultura.
- Plan de obras.-
- Limpeza viaria no rural.-

- **Outubro -2015.-** Celebrouse no despacho da Alcaldía o día 1 de outubro as 20:00 horas a que asistiron:

Concello: Alcalde, Concelleiros de Participación,

Agrupación: Lorinda Fernández (Rabo de Galo), Manuel Solveira (Santa Mariña), José Manuel García (Laxas) Florencio Rodríguez (Loureiro), Rafael Mosquera (San estebo de Untes), Sara Cruz (Quince de Agosto), Francisco García (Castro de Beiro), na que se trataron os seguintes puntos:

- **Festas patronais.-** Expúxoselle o Alcalde que na última convocatoria de Cultura quedaron fora as festas patronais, para as que sempre se daban dende os anos setenta 600 euros, esixíndolle unha solución pois non era de recibo que asociacións que xa habían realizado as festas e contaban con ese diñeiro, agora que non se lle dera; contestósenos que este ano das partidas que ten o Alcalde se ía intentar pagar aquelas que xa ouberan realizado as festas, e para o ano que ben teríamos unha liña de subvención independente a de actividades culturais.
- **Taxas.** Expúxoselle o Alcalde que dende que estaba aprobada a ordenanza municipal de taxas, nunca se nos había cobrado pola utilización de espazos municipais, pois consideramos que por a labor social que realizamos e por ser asociacións sen ánimo de lucro tiñamos que estar exentas, propuxémoslle que se modificara a ordenanza de taxas no sentido de que as asociacións declaradas de utilidade pública estiveran exentas de pagar pola utilización de edificios municipais, que se axilizase o procedemento para a citada declaración, pois leba paralizada dous anos, e que mentres tanto non se produza non se nos cobren as citadas taxas, contestósenos que estaba dacordo e o ía consultar cos técnicos para ver como se podía arreglar.



- **Novembro -2015.-** Celebrouse na sede social o día 3 de novembro as 20:00 horas a que asistiron:
Concello: Concelleiros de Perímetro Rural, Xefe de servizo de Infraestruturas e técnicos do Concello.
Agrupación: Lorinda Fernández (Rabo de Galo), Manuel Solveira (Santa Mariña), José Manuel García (Laxas) Florencio Rodríguez (Loureiro), Rafael Mosquera (San estebo de Untes), Sara Cruz (Quince de Agosto), Francisco García (Castro de Beiro), na que se trataron os seguintes puntos:
 - **Plan de Obras.-** Explicóusenos por parte do Concelleiro os obras que se fan a facer e cales quedaban fora do plan de obras unhas por non ser viables técnica e administrativamente e outras porque non daba tempo de rematalas antes do 31 de decembro, data máxima para a expiración do plan de obras aprobado en outubro de 2014.
Chegouse o compromiso de que as obras do plan que quedaran fora por motivo da expiración do mesmo serían as primeiras en facerse cando se aprobara segundo plan de obras.
- **Decembro -2015.-** Celebrouse no despacho da Alcaldía o día 9 de decembro as 17:00 horas a que asistiron:
Concello: Alcalde, Concelleira de Participación Cidadá.
Agrupación: Lorinda Fernández (Rabo de Galo), Manuel Solveira (Santa Mariña), José Manuel García (Laxas) Florencio Rodríguez (Loureiro), Manuel Fernández (Sta. Cruz de Arrabaldo), Rafael Mosquera (San Estevo de Untes), Sara Cruz (Quince de Agosto), Francisco García (Castro de Beiro), na que se trataron os seguintes puntos:
 - **Subvencións 2016.-** Expúxoselle o Alcalde o malestar das asociacións pola tardanza no cobro das subvencións, que estaba rematando o ano e se o día 15 non entraban en intervención tardarían en cobrarse varios meses.
Chegouse o compromiso de que se faría o necesario para que entrasen antes dese día.
 - **Subvencións 2016.-** Expúxoselle o Alcalde que a cantidade destinada as distintas subvencións que perciben as asociacións veciñais eran ridículas e que había que aumentalas como mínimo o dobre, tamén se lle pediu o simplificar os tramites, e celeridade en sacar as bases e no pago das mesmas.
Chegouse o compromiso de que se faría todo o posible por aumentar a partida destinada a subvencións pero sen concretar a cantidade, sacar as bases no primeiro trimestre e pagalas como máximo un mes despois de xustificalas.

Reunións Deputación

Xan-2015.- Solicitouse audiencia co Presidente o día 21 de xaneiro, para tratar sobre as subvencións para as Federacións e Agrupacións para o 2015 co obxectivo de que se publicasen antes do mes de maio para poder pagalas no mes de setembro e así non ter os apuros económicos do ano pasado.

Non se produciu, desvíóusenos o Vicepresidente que se comprometeu a sacar ditas bases antes das eleccións municipais, o cal non se produciu.

Ago-2015.- Solicitouse audiencia co Presidente o día 7 de agosto, para tratar sobre a tardanza das bases para as subvencións para gastos de funcionamento para o 2015, que se non había prometido sacalas antes das eleccións municipais.

Celebrouse na sede social da Agrupación o día 17 de agosto as 19:00 horas a que asistiron:

Deputación: Rosendo Fernández (Vicepresidente).

Agrupación: Lorinda Fernández (Rabo de Galo), Manuel Solveira (Santa Mariña do Monte), Jose Manuel García (Laxas), Florencio Rodríguez (Loureiro), Francisco García (Castro de Beiro), Sara Cruz (Quince de Agosto) e Rafael Mosquera (San Estevo de Untes), tratándose os seguintes temas:

- **Subvencións 2015.-** Expúxonos o Vicepresidente que había habido un erro, e por iso aínda non saíran as subvencións para Federacións e Agrupacións, pero que se ía levar unha modificación de crédito de 50.000 euros a principios de setembro para este fin.



Reunións Subdelegación do Goberno

Xun 2015.- Participapouse o día 27 na reunión semestral da xunta de seguridade local,

Dec 2015.- Participapouse o día 19 na reunión semestral da xunta de seguridade local,

Rodas de prensa.-

Maio 2015.- Convocamos unha roda de prensa o día 26 de maio, para expresar públicamente on oso malestar contra:

- O Alcalde por non recibimos dende a nosa solicitude o 21 de xaneiro e non cumprir o compromiso de levar a modificación de crédito a pleno para a sinatura de convenios antes das eleccións.
- O Presidente da Deputación por non sacar antes das eleccións as bases das subvencións para os gastos de funcionamento das Federacións, como así se comprometera.
- O candidato de Democracia Ourenzana, por dicir reiteradas veces que as asociacións de veciños non valem para nada e que non somos .

Intervencións no Pleno.-

Febreiro 2015.- Solicitouse o día 16 de febreiro, a presentación e defensa dunha iniciativa o Pleno do Concello de conformidade co artigo 16.1 do regulamento orgánico de participación cidadá, sobre a limpeza viaria no rural.

O día 10 de abril, defendemos no Pleno a citada iniciativa, o pleno do Concello de Ourense, que realice todas as accións necesarias, para esixirle a empresa concesionaria de limpeza dunha forma inmediata o cumprimento integro do contrato en especial o tocante a limpeza viaria nos núcleos do rural, e de non ser así, proceder a rescisión do contrato.

Valedor do pobo.-

Febreiro 2015.- O 10 de febreiro, denunciámos ante o Valedor do Pobo, o incumprimento sistemático da empresa concesionaria do servizo de limpeza, no referente a limpeza viaria no rural, así como a non remisión por parte do Concello do certificado de silencio administrativo solicitado por non contestarnos as nosas reclamacións e a non contestación da comisión municipal de queixas e suxerencias polos mesmos motivos.

Contestounos o 26 de agosto de 2015 (ver anexo 1)



ACTIVIDADES

Realizáronse unha serie de actividades organizadas para as asociacións de veciños do rural e periferia do Concello de Ourense, tendentes en primeiro lugar a facer piña entre nos a través de andainas, xogos, cursos e reunións de confraternización e en segundo lugar reivindicando e buscando solución os problemas que presenta na actualidade o rural e a periferia do noso concello, a través de audiencias cos responsables políticos das distintas administracións.

VI Convivencia Veciñal: Celebrouse o día 23 de maio, no recinto do campo da feira a partir das 14:00 horas, cunha participación superior a do ano anterior, o número de asistentes foi de 576 persoas, repartidas do seguinte forma: 540 de pago, 22 rapaces e 14 invitados, entre autoridades, concelleiros e medios de comunicación, asistiron concelleiros do grupo de goberno e da oposición.

O xantar comezou as 14:30 horas, o menú consistiu polbo a feira, carne o caldeiro, bica, viño e licores. As 16:30 horas tivemos a actuación dun grupo musical e procedeuse o sorteo de 3 xamóns, finalizamos pasadas as 18:00 horas.

As entradas cobráronse a 10 euros para os adultos e a 5 para os rapaces maiores de 10 anos, o remate do xantar regalóuselle un detalle a cada participantes consistente nunhas tarteiras de barro, co anagrama da agrupación.

A convivencia foi subvencionada polo Concello de Ourense.

VI Andaina Veciñal: Realizouse o día 19 de setembro polas marxes do río Miño, coa participación de 180 persoas, entre adultos e nenos, os que se lle agasallou cun detalle consistente nunha gorra co anagrama da agrupación.

Deuse a saída as 11:00 horas, fixéronse dos percorridos distintos:

Curto de 7 kilometros, dirixido a persoas maiores e nenos, dende o Campo da Feira, Oira, pasarela de Oira, Parque Miño, pasarela centro comercial, A Chavasqueira e chegada o campo da feira.

Largo de 15 kilometros, dende o Campo da Feira, Oira, pasarela de Oira, Parque Miño, Outairiz, O Tinteiro, A Chavasqueira e chegada o Campo da Feira.

A andaina descorreu sen incidencias, bo tempo e temperatura agradable, chegando tódolos participantes a liña de meta.

no percorrido houbo 2 puntos de avituallamento abicados en Outairiz e a pasarela de Oira, neles repartíronse auga e froita.

Unha vez terminada a andaina convidouse a tódolos participantes un almorzo campestre no propio Campo da Feira, a base de empanada, tortilla, xamón asado, queixo embutidos, viño cervexa e refrescos.

A Andaina foi subvencionada pola Deputación e o Consello Municipal de Deportes.



Viaxe cultural: Realizouse o sábado día 24 de outubro, as vilas de Vilanova de Cerveira, Baiona e Vigo, para coñecer a súa riqueza cultural e paisaxística, saíuse as 8:30 horas en autocar dende os puntos que fixaron as asociacións participantes.

Realizamos unha parada de media hora para almorzar, as 11:00 horas chegamos a Vilanova, onde os participantes visitaron a feira.

As 14:30 horas xantamos no restaurante El Tunel en Baiona I, pola tarde tivemos tempo libre para visitar a vila de Baiona, as 18 horas chegamos o porto de Vigo, onde tivemos tempo libre para visitar co casco vello e a pedra, as 20:00 horas que emprendemos regreso os puntos de partida.

O número de asistentes foi de 246 persoas que colaboraron con 20 euros para pagar o xantar e as visitas. O viaxe foi subvencionado polo Concello de Ourense.

Curso de poda: A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran técnicas de poda de tódalas variedades de árbores frutais.

Participantes: 50 veciños distribuídos en 2 grupos de 25 alumnos, os que se dotou dunha carpeta coa documentación necesaria para o seguimento do curso.

Clases teóricas: Impartíronse na sede social de 18:00 a 20:00 horas, os días 6, 13, 20 e 27 de outubro.

Clase practica: Impartíronse nunha finca no pobo de Pedraio (Pereiro de Aguiar) de 16:30 a 18:30, os días 28 e 29 de outubro, o desprazamento foi en autocar con saída da Alameda as 16:00, a finalización sorteáronse entre os alumnos 18 sérrochos e 22 tixeiras de poda.

Custo: O curso foi gratuíto, subvencionado polo Concello de Ourense.

Curso de enxerto: A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran técnicas de enxerto de algunhas variedades de árbores frutais.

Participantes: 40 veciños distribuídos en 2 grupos de 20 alumnos, os que se dotou dunha carpeta coa documentación necesaria para o seguimento do curso.

Clases teóricas: Impartíronse na sede social de 17:30 a 20:30 horas, os días 3,4,5,6,12 e13 de novembro.

Custo: O curso foi gratuíto, subvencionado polo Concello de Ourense.

Curso de EXCEL para directivos: A finalidade do mesmo, foi que os directivos participantes, adquiriran coñecementos suficientes de contabilidade e de aprender a manexar un programa informático de excel, para a xestión de provedores, clientes, facturas etc.

Participantes: 18 directivos das asociación integradas na agrupación.

Clases: Impartiuse dende o día 6 ata o 14 de outubro na sede de Academia Postal, cunha duración de 20 horas.

Custo: O curso foi gratuíto,

Curso de informática: O obxectivo do mesmo e que os participantes adquiriran coñecementos de e habilidade no manexo de Word.

Participantes: 20 veciños distribuídos en 1 grupo.

Clases: Impartiuse dende o 21 de outubro ata o 10 de novembro na sede de DELTA PC, cunha duración de 20 horas por curso

Custo: O curso foi gratuíto, subvencionado polo Concello de Ourense.



Curso de conservas: A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran coñecementos de preparación e envasado de conservas.

Participantes: 50 veciños distribuídos en 2 grupos de 25 alumnos.

Clases: Impartíuse os días 8, 9 e 10 de outubro de 17:00 a 20:00, na sede social, cunha duración de 9 horas por curso

Custo: O curso foi gratuito, subvencionado polo Concello..

Curso de Arte Floral: A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran técnicas en arte floral.

Participantes: 50 veciños distribuídos en 1 grupos de 30 alumnos

Clases: Impartíuse os días 22, 23 e 24, de outubro de 18:30 a 20:30 na sede social, cunha duración de 8 horas por curso.

Custo: O curso foi gratuito, subvencionado polo Concello.

Xuntanza do Nadal Realizouse o día 15 de decembro no Liceo, Tratase de rendir homenaxe a unha persoa por asociación integrada pola súa contribución o movemento veciñal, coa entrega dunha placa conmemorativa e uns pinchos para despedir o ano.

As placas foron subvencionadas polo Concello de Ourense.

PLAN ESTRATEXICO DE INVERSIÓNS

No ano 2011, elaborouse un plan de inversións para o rural e periferia do Concello de Ourense, onde cada asociación priorizou as súas necesidades reais para os próximos 4 anos, en infraestruturas (abastecemento, saneamento, depuración, infraestruturas deportivas, pavimentación, etc.), presentouse por rexistro o 21 de outubro.

En xuño do 2013, a petición da Agrupación, o grupo de goberno asumiu o compromiso de levar a cabo antes de final da lexislatura o plan de inversións presentado pola agrupación por un importe de 2 millóns de euros.

O 20 de febreiro de 2014, a petición do grupo de goberno volveuse a remitir un novo plan de inversións actualizado.

En xuño deste ano reunímonos na Alcaldía e asumíuse o compromiso de investir ata final da lexislatura 2 millóns de euros en obras para o rural e a periferia.

No mes de outubro mantivemos reunións co PP e o BNG, para convencelos de que se astivesen no pleno de outubro na aprobación do plan de obras.

No pleno do mes de outubro de 2014, aprobouse o plan de obras por un importe de case 5 millóns de euros, dos cales 2 millóns foron para o rural.

En novembro de 2015, chegouse o compromiso de que as obras do plan que quedaran fora por motivo da expiración do mesmo serían as primeiras en facerse cando se aprobara segundo plan de obras.

José Manuel García Casares, con D.N.I. número 34936024J, en calidade de secretario da Agrupación de AA.VV. do Rural e Periferia do Concello de Ourense.

CERTIFICO:

Que a presente memoria de xestión, foi aprobada por unanimidade, en sesión ordinaria da Asemblea Xeral do día 25 de Febreiro de 2016.

E para que así conste, asino o presente os vintecinco días do mes de Febreiro de dous mil dezaseis.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

Asdo. Lorinda Fernández Faria

